

### 1. Patrimonio dunha empresa

**Xuridicamente:** patrimonio é o conxunto de bens, dereitos e obrigacións.

**Bens:** factores produtivos que a empresa utiliza. Exemplos: maquinaria, local comercial, etc.

**Dereitos:** situacións xurídicas nas que a empresa se atopa en posición acreedora fronte a terceiros. Exemplos: créditos a empregados ou clientes, etc.

**Obrigacións:** situacións xurídicas nas que a empresa se atopa en posición debedora fronte a terceiros. Exemplos: préstamos bancarios, etc.

**Na contabilidade:** patrimonio estaría formado polo conxunto de riqueza (bens e dereitos) pertencente a unha empresa (activo) e as obrigacións con socios e terceiros (neto e pasivo). Non debe confundirse co patrimonio neto, neto ou neto patrimonial, que equivale ás obrigacións cos socios da empresa (ver punto 6).

### 2. Elemento patrimonial

Un elemento patrimonial é a unidade básica na que se descompón o patrimonio dunha empresa. Exemplo: maquinaria, terreo, cartos na caixa, etc.

### 3. Masa patrimonial

Denomínase masa patrimonial ao conxunto de elementos patrimoniais agrupados por unha serie de características comúns. Existen tres grandes masas patrimoniais: activo, pasivo e patrimonio neto.

### 4. Activo

O activo integra os bens e dereitos do patrimonio da empresa. O activo dunha empresa divídese en:

**ACTIVO CORRENTE:** activos que a empresa espera vender, consumir ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación (xeralmente < 1 ano).

Exemplos: diñeiro no banco, materias primas, produtos terminados, dereitos de cobro sobre clientes, etc

**ACTIVO NON CORRENTE:** formado polo resto de activos.

Exemplos: terreos propiedade da empresa, maquinaria, etc.

### 5. Pasivo

Un pasivo é unha débeda ou obrigación da entidade con terceiros. Distínguese entre:

**PASIVO CORRENTE:** Obrigacións que a empresa espera liquidar no transcurso do ciclo normal de explotación.

Exemplos: débeda coa Seguridade Social ou Facenda, etc.

**PASIVO NON CORRENTE:** resto de pasivos.

Exemplo: débeda co banco por hipoteca a 10 anos, etc.

### 6. Patrimonio neto

O patrimonio neto (riqueza ou patrimonio) dunha empresa é a parte residual dos activos unha vez deducidos todos os seus pasivos. Polo tanto calcúlase como a diferenza entre o activo e o pasivo da empresa. Está formado principalmente polos fondos propios (as achegas dos socios e os beneficios que a empresa non repartiu, é dicir, os beneficios retidos).

A ecuación patrimonial é a comparación que se fai entre o que a empresa ten e o que debe, polo que se representa coa seguinte fórmula matemática:

Ecuación patrimonial:

$$\text{Activo (A)} = \text{Pasivo (P)} + \text{Patrimonio Neto (PN)}$$

O patrimonio neto, que representa a participación dos propietarios na empresa a unha data dada, calcúlase como:

$$\text{Patrimonio neto} = \text{Bens} + \text{Dereitos} - \text{Obrigacións}$$

$$\text{Patrimonio neto (PN)} = \text{Activos (A)} - \text{Pasivos (P)}$$

### 7. Balance

O balance mostra cales son os bens e dereitos que posúe a empresa, así como as súas débedas con terceiros e o neto patrimonial nun momento concreto. Polo tanto representa as masas patrimoniais da empresa.

A parte do activo recolle os investimentos a curto e a longo prazo da empresa, que constitúen a estrutura económica.

O pasivo e o patrimonio neto recollen as fontes de financiamento alleo e propio respectivamente, polo que constitúen a estrutura financeira da empresa.

Deste xeito podemos establecer:

$$\text{Activo} = \text{Pasivo} + \text{Patrimonio neto}$$

$$\text{Bens e dereitos} = \text{Obrigas con terceiras persoas (non socios)} + \text{Obrigas cos socios}$$

$$\text{Estrutura económica} = \text{Estrutura financeira}$$


$$\text{Investimento} = \text{Financiamento}$$

A modo de exemplo móstrase a empresa 1 cuxo patrimonio neto é positivo. No caso de que o pasivo sexa superior ao activo, o patrimonio neto é negativo e pode constituír unha das causas de disolución da sociedade tal e como establece a Lei de sociedades de capital.


Exemplo.- Empresa 1. Patrimonio neto positivo.

<b>Activo = 7.000 €</b> Elemento de transporte: 5.000 € Construccions: 2.000 €	<b>Patrimonio Neto = 3.000 €</b> Capital: 3.000€ Resultado do exercicio: 0 €
<b>Activo corrente = 4.000 €</b> Caixa: 4.000 €	<b>Pasivo non corrente = 7.000 €</b> Préstamo a longo prazo cunha entidade bancaria: 7.000 €
	<b>Pasivo corrente = 1.000 €</b> Débeda con provedores: 1.000 €

Ecuación patrimonial



Balance



O activo está ordenado de menor a maior liquidez. O activo non corrente (ANC) está destinado a servir a empresa de forma duradeira (normalmente máis de 12 meses). Existen distintos tipos de ANC, os principais:

- Inmobilizado inmaterial: aplicacións informáticas, *etc.*
- Inmobilizado material: terreos e bens naturais, construcións, maquinaria, mobiliario, *etc.*
- Investimentos financeiros a longo prazo.

Os ANC con vida útil limitada amortízanse (construcións, maquinaria, *etc.*). Non se amortizan os que non teñen vida útil limitada: terreos, investimentos financeiros, *etc.*

O activo corrente (AC) estará constituído polos activos que a empresa espera vender, consumir ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación (normalmente menos dun ano). Existen distintos tipos, os principais:

- Existencias: materias primas, outros aprovisionamentos, produtos en curso, produtos terminados, *etc.*
- Debedores comerciais e outras contas que se van cobrar: dereitos de cobro sobre administracións públicas, *etc.*
- Investimentos financeiros a curto prazo: préstamos concedidos a outras empresas, *etc.*
- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes: diñeiro en caixa, bancos, *etc.*

Os pasivos ou débedas da empresa, do mesmo xeito que os activos, tamén se atopan clasificados segundo a súa data de vencemento.

Neste sentido o pasivo corrente está formado polas débedas que a empresa espera liquidar no transcurso do ciclo normal de explotación (normalmente <12 meses), o resto pertence ao pasivo non corrente. Existen distintos tipos, os principais:

- Débedas a L/P e C/P: débedas con entidades de crédito, *etc.*
- Outras: débedas con provedores, acredores, persoal, administracións públicas, *etc.*

O patrimonio neto (PN) é a diferenza do activo e pasivo dunha compañía, o seu valor está composto fundamentalmente polos fondos propios da compañía (achegas comprometidas dos propietarios e os resultados xerados como consecuencia da actividade pasada da empresa).

- Dentro dos fondos propios: capital, resultado do exercicio (beneficio ou perda), reservas, resultados negativos de exercicios anteriores.
- Outros: subvencións de capital para a adquisición de maquinarias, *etc.*

## 8. Conta de perdas e ganancias

A conta de perdas e ganancias mostra o resultado dunha empresa nun exercicio económico. O resultado determínase como a diferenza entre os ingresos obtidos nese período e os gastos afrontados nel:

Resultado = Ingresos - Gastos

Se Ingresos > Gastos = Beneficio

Se Ingresos < Gastos = Perda

Non se debe confundir o resultado do exercicio cos fluxos de caixa do exercicio:

Fluxos de caixa: Cobros - Pagos

Fluxos de caixa non é igual ao resultado (xa que os ingresos poden diferir dos cobros e os gastos dos pagos). Os ingresos e gastos determínanse segundo o denominado principio de devindicación.

Ingresos:

- Ventas de produtos terminados e prestacións de servizos.
- Ingresos por arrendamentos (alugueiros a terceiros).
- Beneficios procedentes do inmovilizado (venta dunha maquinaria, *etc.* con ganancia).
- Ingresos financeiros (xuros dun depósito a prazo), *etc.*

Gastos:

- Compras de materias primas.
- Compras doutros aprovisionamentos, *etc.*
- Servizos exteriores: arrendamentos e canons (gastos polo alugueiros), reparacións e conservación (gastos de sostemento dos bens de inmovilizado), servizos de profesionais independentes (economistas, avogados, notarios, *etc.*), primas de seguros, servizos bancarios e similares (comisións e demais que non teñan a consideración de gastos financeiros), subministracións (abastecemento que non teña a calidade de almacenable coma a electricidade, o gas, a auga, *etc.*), outros servizos.
- Gastos de persoal.
- Tributos (IBI, *etc.*).
- Amortizacións, *etc.*
- Gastos financeiros (xuros de débedas, *etc.*)

Na conta de perdas e ganancias podemos diferenciar entre:

- Ingresos de explotación: os ingresos que obtén a empresa relacionados coa súa actividade económica habitual: as vendas e ingresos por prestación de servizos, *etc.*
- Gastos de explotación: os gastos necesarios para realizar a súa actividade principal como son: compras, servizos exteriores, gastos de persoal, *etc.*
- Ingresos financeiros: son os orixinados polos investimentos financeiros efectuados pola empresa (xuros de depósitos, venda de activos financeiros con beneficios, *etc.*).
- Gastos financeiros: corresponden ás operacións de financiamento (intereses de préstamos, *etc.*) ou


ben da venda de activos financeiros con perdas, entre outros.

Desta forma a conta de perdas e ganancias dunha empresa terá a seguinte estrutura:

+ Ingresos de explotación
- Gastos de explotación
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>
+ Ingresos financeiros
- Gastos financeiros
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)</b>
- Imposto sobre beneficios
<b>D) RESULTADO DE EJERCICIO (BENEFICIO NETO)</b>

## 9. Principio de devindicación e de prudencia

Na contabilidade de empresas, os ingresos e os gastos rexístranse no momento en que ocorre a corrente real de bens e servizos (compra de materias primas, etc.) e non no momento no que se produce a corrente financeira, é dicir, o seu cobro ou pago (sería o principio de caixa). Exemplo: compra de materias primas que pago a 60 días



Outro principio moi importante en España é o principio de prudencia que obriga a contabilizar os beneficios só cando se produzan e as perdas cando se coñezan. É dicir, a empresa deberá anticipar as perdas, aínda que logo non cheguen a producirse (provisións, etc.).

## 10. Ciclo contable

O ciclo contable é un proceso regular e continuado que ten lugar na contabilidade das empresas en cada exercicio económico, que permite mostrar a situación patrimonial da empresa e o resultado obtido no período. O ciclo contable componse de tres fases: apertura, desenvolvemento e peche.

- Operacións de apertura: dar de alta os activos (terreos, naves, etc.), pasivos (débedas banco, etc.) e contas de patrimonio neto (capital, etc.).

-> O día 1 da contabilidade da empresa nun ano terá os activos, pasivos e contas de patrimonio neto ao peche do exercicio do ano anterior.

- Operacións de desenvolvemento: contabilizar como feito contable todo suceso económico, susceptible de ser captado polo sistema contable, que afecta ou pode afectar o patrimonio ou o resultado da empresa. Debemos rexistrar os:
  - GASTOS: persoal, etc.
  - INGRESOS: vendas de produtos, etc.
  - ACTIVOS: compra dun novo almacén, etc.
  - PASIVOS: concesión de novo préstamo, etc.
  - PATRIMONIO NETO: ampliacións do capital, etc.

-> O día t da contabilidade da empresa nun ano terá os activos ao inicio do exercicio (iguais aos do peche do exercicio do ano anterior) +/- a variación experimentada ao longo do ano.

Exemplo: a empresa o día 1 de xaneiro tiña 1.000 € en caixa. Durante o mes de xaneiro realizou pagos por importe de 500 € e cobros de 1.500 €. A finais de mes terá por tanto 2.000 €.

- Operacións de conclusión e peche (necesarias para a correcta elaboración das contas anuais):
  - Reclasificación de partidas. Vencementos a curto prazo de partidas catalogadas a longo prazo.
  - Correccións de valor. Son perdas de valor, por exemplo a amortización que afecten aos elementos de activo non corrente, etc.

Finalizadas as fases de conclusión e peche a empresa poderá elaborar as súas contas anuais, que son os estados financeiros, para dar a coñecer a situación económica, financeira e os cambios que experimenta a unha data ou período determinado. Ademais do balance e a conta de perdas e ganancias existen outras contas anuais (estado de fluxos de efectivo, estado de cambios no patrimonio neto e memoria).

